

## Leituras

A palabra  
de Medos  
Romero:  
emoción e  
verdadeTítulo: *Rendeome no tempo.*

Autora: Medos Romero.

Edición: Da autora.

Velaqui unha muller absolutamente descoñecida no eido das letras, unha escritora que exerce a profesión de enfermeira e que carece de formación académica relacionada co estudo das linguas e das literaturas, unha poeta que non escribe desde o oficio de crear, senón desde a necesidade vital de parir, e que, ademais, comezou a facer poesía con trinta e sete anos cumpridos, tendo xa neste momento, cando aínda non hai dous outonos que escribe, dous libros de poemas, un, inédito, próximo a saír en *Espiral Maior*, e outro, o

que aquí imos comentar, publicado recentemente nunha moi coñecida e fermosa edición realizada pola propia autora. E decimos todo isto polo que ten de singular, non por outras razóns. Abofé que é bastante excepcional atoparnos hoxe nas letras galegas alguén que se dedique á literatura e que non sexa profesor ou profesora de profesión, igual que é sorprendente que sen oficio e en poucos meses se poida crear un importante corpus poético con poemas tan redondos como o que segue:

*Serei a rosa apodrecida  
no breve tempo,  
a grima do léstrego azulado,  
o cadullo onde prende a mala herba,  
a mala hora que atrae ós morcegos,  
a besta ladra que salta valados.  
Tamén serei o can en ouveo  
presenciando espantos.*

*Rendeome no tempo* é o primeiro libro que publica Medos Romero

e o segundo que escribe. Trátase dun poemario que ten como eixo temático o tempo, un tempo que morreu ou está a morrer, un tempo que se foi e á vez permanece, un tempo que se parou na tea de araña durmida, na cavilla enferruxada ou nas horténsias azuis dun muro esbroado, un tempo que vive no corazón e na memoria da xente, un tempo que fala das raíces e das vivencias, das pedras do carburo e das milicroquías, do algodón das flores e dos finos fios en rosetas de algodón. Mundo rural e natureza, sufrimento e gozo expresado desde a condición de muller, a terra ollada e vivida con sentimento e emoción, o tesouro da lingua recollido na lareira, no traballo do campo e nas encrucilladas dos camiños, memoria de si e de nós, arte e verdade, todo isto hai nestes espléndidos poemas de Medos Romero.

*Fumme co luar do verán,  
escoreitando morcegos,  
empultrada no bico  
dunha estrela  
co meu sono,  
acarriando coas bonecas de pelo roxo,  
medando a noite  
co vento, os grilos  
e o silencio das aveleñas.  
Fumme esfarelando pouco a pouco,  
sumándome  
neses recordos.*



Medos Romero.

O paso do tempo nos rostros da paisaxe, dos seres humanos e das cousas, a vivencia da terra, o territorio da infancia como algo seguro e certo, a autenticidade, a forza expresiva, o verso telúrico, a riqueza verbal e un tono esencialmente lírico e emotivo constitúen os elementos básicos —temáticos e formais— da creación poética de Medos Romero. É ben palpábel que a súa poesía non é literat-

ra de laboratorio. Non estamos ante ningún xogo formal nen ante uns textos elaborados cunha simple finalidade estética. Os versos e as palabras desta muller nacen do sentimento, da vida, da terra. A poeta escribe desde dentro de si, desde a súa experiencia persoal, desde un mundo propio, cunha entrega total, escribe arrastrada por ese seu río interior que condiciona a forma e fondo do poema. To-

do é pureza e verdade. Hai tamén ritmo e harmonía, un fluir constante de imaxes, sinxeleza e contención expresiva e multiplicidade de visións.

Só unha persoa que posúa unha grande capacidade para sentir, vivencias profundas, unha lingua aprendida na nenez e un extraordinario talento creativo pode escribir unha obra como *Rendeome no tempo*. Para quen ame a palabra é unha maravilla atopar un libro como este. A emoción que produce a lectura dos versos de Medos Romero e a beleza que hai no seu verbo invítanos a ler e a rere unha e outra vez o poemario, a rendearnos na palabra, a empaparnos de poesía. E péis a que a autora rememora desde o primeiro ao último poema o tempo ido, o tempo que xa morreu, esta é, curiosamente, unha literatura viva, que se vive cando se lee e que, ademais, nos abre á vida. Literatura, en suma, para gozar da lectura e para nos enriquecer, para regresar á emoción e á beleza, para sentir na carne a forza e o prodixio da poesía.

Velaqui unha voz singular e prometedor, un libro que non defrauda. ♦

AURORA PIÑEIRO

## Arte